

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022

CENTRO: IES As Bizocas

CURSO: 2021-2021

MATERIA: Lingua e literatura galega (LLG)


DEPARTAMENTO: LLG DATA: abril 2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo da Galiza.



1. Criterios sobre a avaliación e cualificación

1º Avaliación	1º e 3º de ESO	2º e 4º de ESO
	<p>Cálculo da nota da 1ª avaliación:</p> <p>Probas escritas (PE) PE – 60% ODO – 20% TI – 10% Lectura (L) – 10%</p>	<p>Cálculo da nota da 1ª avaliación:</p> <p>Probas escritas (PE) – 50% Traballo do libro (TL) – 20% Tarefas individuais e grupais (TI/TG) – 10% Observación da oralidade – 10% Observación Directa – 10%</p>
	<p>Procedemento de recuperación da 1º avaliación: avaliación continua e progresiva.</p>	
2º Avaliación	1º e 3º de ESO	2º e 4º de ESO
	<p>Cálculo da nota da 2ª avaliación:</p> <p>Probas escritas (PE) PE – 60% ODO – 20% TI – 10% Lectura (L) – 10%</p>	<p>Cálculo da nota da 2ª avaliación:</p> <p>Probas escritas (PE) – 50% Traballo do libro (TL) – 20% Tarefas individuais e grupais (TI/TG) – 10% Observación da oralidade – 10% Observación Directa – 10%</p>
	<p>Procedemento de recuperación da 2ª avaliación: avaliación continua e progresiva.</p>	
3º Avaliación	1º e 3º de ESO	2º e 4º de ESO
	<p>Cálculo da nota da 3ª avaliación:</p> <p>Probas escritas (PE) PE – 60% ODO – 20% TI – 10% Lectura (L) – 10%</p>	<p>Cálculo da nota da 3ª avaliación:</p> <p>Probas escritas (PE) – 50% Traballo do libro (TL) – 20% Tarefas individuais e grupais (TI/TG) – 10% Observación da oralidade – 10% Observación Directa – 10%</p>
	<p>Procedemento de recuperación da 3ª avaliación: avaliación continua e progresiva.</p>	
	<p>A maiores, disporá do período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación</p>	



	final para incrementar a súa cualificación.
Período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final	<p>Cálculo da nota: 90% - PE / PO – ODO / TG-TI + 10% OD</p> <p>Os instrumentos de avaliación son comúns a todo o alumnado. A cualificación obtida só se poderá ter en conta sempre e cando for igual ou superior á da 3ª avaliación en aplicación da norma vixente da Consellaría de Cultura, Educación, e Universidades (CCEU) e das instrucións da Inspección Educativa.</p>
Cualificación final	<p>Cálculo para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Media ponderada: 1ª av. 16.66% + 2ª av. 33.33% + 3ª av./ordinaria 50.01%.</p> <p>Aos efectos do cálculo, a nota incrementada no período final computará na 3ª avaliación, a de maior peso, e só se poderá ter en conta se o resultado é máis favorábel para a alumna ou alumno, conforme a normativa de aplicación da Consellaría de Cultura, Educación, e Universidades (CCEU) e das instrucións da Inspección Educativa.</p>
Redondeo	<p>Tal e como establece a norma, a cualificación mínima para superar a materia de LLG en calquera dos cursos da ESO é un 5. En consecuencia, só se aplicará a aproximación a partir desa nota e do sexto decimal, é dicir, un 5.6 pasará a ser un 6, mais un 4.8 seguirá sendo un 4.</p> <p>[Para maior detalle da avaliación e redondeo cp. Epígrafe 6º da PD]</p>
Medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe	<p>Farase constar o reforzo no boletín ao alumnado NEAE ou, en xeral, aquel alumnado que dado o seu rendemento académico precisa dunhas medidas de apoio e reforzo, que difiran das aplicadas do grupo-aula.</p> <p>[Vid. epígrafe 12º da PD]</p>
Proba extraordinaria para BAC	<p>Consistente en:</p> <p>NON É DE APLICACIÓN</p>
Alumnado de materia pendente doutros cursos	<p>Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente:</p> <p>OPCIÓN A</p> <p>Tarefa posta polo docente (40%)</p> <p>Proba escrita de abril (60%)</p> <p>OPCIÓN B</p> <p>Proba escrita de abril (100%). Para o alumnado que non entregou a tarefa.</p>

	<p>OPCIÓN C</p> <p>Proba escrita de xuño para o alumnado que non superou a pendente até o mes de abril.</p> <p>A proba escrita desenvolverase no mes de abril e para o alumnado que non a supere haberá outra proba escrita (100% da cualificación) no mes de xuño. [vid. Epígrafe 8º da PD]</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>PE + TI</p>
--	--

2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3º avaliación e a avaliación final na ESO (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)

Metodoloxía	<p>A empregada durante o curso, mais facendo fincapé no repaso, ou até ampliación, de contidos para o alumnado que xa atinxiu o mínimo exigido e repaso e/ou consecución dos mínimos exigidos para o alumnado que non atinxise o 5.</p> <p>Poderase, recorrer, por exemplo, a procedementos como traballo en grupo (TG), tarefas individuais (TI), producións e probas orais (PO), probas escritas (PE).</p> <p>Canto aos instrumentos: PE, rúbricas (RÚB) e observación directa con ou sen listaxes de control (OD).</p>
Actividades tipo	<p>As actividades desenvolveranse a partir do informe de avaliación (art. 7.8 da Orde do 25 de xaneiro). As actividades de recuperación están destinadas a conseguir que o alumnado acade o nivel de desenvolvemento axeitado nas competencias chave e avaliaranse co correspondente instrumento, de xeito análogo ao resto do curso, sendo diversos en función dos obxectivos e competencias que se queren valorar.</p> <p>A modo xeral:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A comprensión e expresión escrita (CCL) terán unha especial atención conforme ao perfil competencial da materia, co que se primará traballar sobre textos, atendendo a diversos aspectos do funcionamento da lingua (gramática, propiedades do texto...). • Dentro da CCL atenderase tamén á produción oral e tamén á literatura (CCEC). • Continuarase afondando en técnicas de asimilación (CAA) como o esquema e o resumo, así como tarefas ligadas a planificaren textos orais e escrito.

	<ul style="list-style-type: none"> • As tarefas, exposicións orais poden implicar o uso das TIC traballando así a CD (vídeos, presentacións, procesador de textos...). • A capacidade de abstracción e lóxica, mais a formación do espírito crítico para adquirir progresiva autonomía e coñecemento dos valores cívicos e democráticos (CSC), tamén terá un papel relevante na análise de cadros ou textos centrados en aspectos da sociolingüística (bloque lingua e sociedade). • O anterior tamén se traballara, xunto á literatura, a a través do comentario crítico ou do comentario de textos literarios nos cursos de 3º e 4º de ESO, sendo esta unha ferramenta complexa e que traballa múltiples aspectos dun xeito global, simultáneo e integral (CCL, CAA, CCEC, CAA).
Materiais e recursos	Apuntamentos e fichas (F), caderno (CAD), libro de texto (LT), elementos en soporte dixital, aula virtual, enderezo electrónico (dúbdidas), producións orais, textos literarios, xornalísticos e non literarios. [Vid. epígrafe 4º da PD]

2.2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC (Preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría)

Metodoloxía	Non é de aplicación
Actividades tipo	Non é de aplicación
Materiais e recursos	Non é de aplicación

2.3. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC

(Preparación probas extraordinarias e avaliación de acceso á universidade)

Metodoloxía	Non é de aplicación
Actividades tipo	Non é de aplicación
Materiais e recursos	Non é de aplicación

O Grove, 30 de marzo de 2022

Os profesores do departamento:



Antón Fente Parada



Xosé Xabier García Villamisar

